

Alumn@ que realizou a recollida	Zona de recollida	Texto
Johanna Peña Martínez	Vilanova	Nos da qui e vós dala, somos tantos coma vós. Nos comemos o carneiro e as sobras son para vós.
FRANCISCO RECASENS JUAN	BORELA, A GRAÑA	Un día un fillo e a súa nai,pola tarde a nai e o fillo estaban comendo e neno que se chamaba Pedriño atragantou cunha espiña e a nai díxolle cuspe pedriño cuspe e así quedou o nome Cuspedriños
Alba Parada Baltasar	Pontevedra	Era unha vez un fraile da Armenteira que ía para o xardín a escoitar un paxaro, e derrepente desapareceu, moitos anos despois apareceu o fraile como se estivera o día que estaba escoitando o paxaro e no xardín, e dende aí quedou a lenda.
Nerea Estela Albar Bugallo	Tenorio	Alá arriba non sei onde había non sei que Santo se lle dabas non sei que dábache non sei que tanto.
LUIS CENDON CORTIZO	CUSPEDRIÑO S	O pobo de Cuspedriños ve de que nese lugar vivía un rapaz chamado Pedro, un día súa nai mercara peixe e fixérao para a cea, o rapaz o comelo atragantou e súa nai e seu npai decianlle: -Cuspe Pedriño, cuspe Pedriño, cuspe. E de aí ven o nome de Cuspedriños.
Luis Miguel	Santa Maria De Sacos	En Sacos os rapaces pequenos contábaselle a os rapaces pequenos que este lugar chamábase así por que o home do saco andaba por alí e se che portabas mal billa por ti.Contase que a casa que esta abandonada na carreteira que era dese home e que inda ven de vez encanado por alí para controlar a os rapaces.Algunha xente conta que o viron persoa e que era un home mo mal feito e con roupas vellas,andaba por la veigas tras dos sapos para comer e tras os saltóns.No vran escondíase xa que nese tempo era o da sega e todos os rapaces se portaban ven para coller a paga
Gabriela	pazos	Unha muller moi fermosa todas as noites de San Xoán subía a unha pedra a peitearse cun peine de ouro e un espello de prata, e se un home a miraba e ela tamén o miraba, ela convertíao en pedra.E conta a lenda que a redor desa pedra hai outras mais pequenas, que son os homes que a miraban e se converteron en pedra.
Nuria Bugallo	Santa María de Sacos	Catro vellos mariñeiros [bis] todos metidos nun bote boga,boga mariñeiro vamos pra Viveiro [BIS]

xa se ve San Roque
ai la le lo, ai la la, le la [bis]

Os mariñeiros traballan [bis]
de noite coa luz da lúa
da gusto velos chegar
pola mañán cedo [BIS]
cheirando a frescura
ai la le lo ... [bis]

Traio sardiña e bocarte, [bis]
tamén xurelo pequeno
rapaciña de Viveiro
ven busca-lo lote [BIS]
do teu mariñeiro
ai la le lo ... [bis]

Raúl

Tenorio-Lérez

Había unha muller chamada Teresa ,que na súa época era a moda de ir ao río,pero ela non sabía nadar,así foi coñecida no seu pobo .Así chamáronlle ao pobo -TE -de Teresa -NO- de non -RIO- de río.Tenorio

Pousa, Pousa.
Fun á taberna do meu compadre.
Fun polo vento e vin polo aire:
e como é cousa de encantamento
fun polo aire e vin polo vento.

E pousa, pousa ,pousa
e non me toques naquela cousa:
e pousa pousa axiña,
e non me toques naquela cousiña.

Yaiza

Cabanelas

Murmuraban as miñas veciñas
que eu andaba co crego nas viñas:
iso é verdá, eu non o nego,
que eu andiven a loitas co crego.

E pousa, pousa...

Cando me case xa teño un galo,
xa miña nai non me ten que dalo;
cando me case xa teño un polo
xa miña nai non me ten que dar todo.

E pousa, pousa...

Luis Miguel	Cotobade	En Cotobade nas noites de penumbra víase a santa compañía polo monte alumecendo co seu candil todo o que avea por diante. Todos os nomes e mulleres tilla medo de ir a o monte solos por se acaso aparecía este espécime e facían ir con eles. Non se sabe por que pero un home desapareceu no meto una noite de penumbra e desde aquela nos se vai a o monte pola noite
Alba Parada Baltasar	Almofrey	Din que se miras a santa compañía é que vai a morrer alguen. E se chedan a lampada tes que ir a facer o recorrido con ela . Pero se non queres tes que facer un círculo na terra e meterte dentro do círculo.
Nerea Estela Albar Bugallo	Tenorio	No outeiro de Herbado había unha mina onde vivía unha galiña con pitos e estes saían a pasear. A galiña poñía ovos de ouro e os veciños creían que alí había un tesouro.
Óscar Martínez	xesteira	Os corvos como teñen un gran olfacto , un home pola mañá levantouse da cama ,e foi como todos os días a pasear polo pobo, é chegou a casa cando se decatou que o seu pai de moitos anos estaba malo e como eran pobres non se podían permitir ir a o hospital ,pero un fillo do de moitos anos era medico e veuno a ver é estaba ben,o día seguinte despertou e abriu a ventá e había un corvo na ventá e foi a mirar ao seu pai e resulta que o pai estaba morto.
FRANCISCO RECASENS JUAN	BORELA, A GRAÑA	Había un home que un día pola mañá levantouse e encontrouse moi enfermo. Despois viñeron os corvos e él asustouse é despois acordouse da lenda dos corvos e empezou a correr hacia o hospital e os corvos foron detrás del, e despois o home morreu.
Noelia Varela Sánchez	Loureiro	En caroi nin boa vaca nin bo boi pero montadores dos mellores.
Nerea Estela Albar Bugallo	Tenorio	Na capilla de San Cibrán de Tomeza tirábaselle pedras ao tellado para espantar o meigallo.
adrian esperon villaverde	marcón	Xoaquin non sabe-lo que vin, o ghatto na ventana tocando o violín.
		Este pandeiro que toco É de pelexo de ovella inda onte comeu herba Hoxe toca que rabeia
		Unha vella mais un vello mexaron nunha cazola a vella como era lista tiroulle polas cirolas
		Unha vella mais un vello fixeron unha empanada

o vello comeuna toda
a vella quedou sin nada

Pasei pola tua porta
e mirei polo cerrollo
no cacharro de mexar
tiñas bacallau de mollo

Foches tu,foches tu ,
o que foches cagar no palleiro
foches tu, foches tu
que leva-las pallas no cú

Coloradiña da cara
eu non che quixera ser
Qué a mazan que é colorada
todos a queren comer

Todos me din casa ,casa
calquera burro é casado
manter fillos e muller
e torcer-lla porca o rabo

Miña nai por me casare
buscou-me un home alto
ahora teño na casa
o pendon do jueves santo.

Era un home moi malo facia cousas malas todos o odiaban, pero un dia unha bella caeu por un barranco abaixo e el lle axudou.Desde aquela xa nadie o odiaba,el axudaba a as persoas que necesitaban algo.Pero un dia pasou algo increíble o home quiso coller a un gato que estaba nun arbol moi alto el estaba subindo pero esbarou e caeu estaba sangrando moito por o pe.Os beciños foron axudalo e botaronlle auga dunha fonte e a ferida que tiña cicatrizou moi rapido.Aquela auga era santa e desde aquela aquel pobo pequeno le llamaron Augasantas.

Jesus Blanco
Santiao

Borela A graña

Johanna Peña
Martínez

Vilanova

Un día pola mañá Manuela se despertou un pouco incómoda.Ela vivia no medio do monte sen ningún veciño nin ningunha persoa que lle fixera compañía.Comezou a preparar o seu desalluno,e se acordou de que lle tiña que ir abrir as galiñas.Ao saír pola porta atopou un cubo cheo de auga vendita.Ao miralo se acordou que iso o facía a Santa Compañía cando alguen da casa ia morrer.Puxose moi nerviosa,pero ao rato non fixo caso.Ao volver de onda as galiñas cheiraballe a fume.Botou a correr hacia a sua casa polo medio do monte,pero cando chegou deuse conta de que no pasara nada.A noite foille a cerrar as galiñas e mirou a Santa Compañía,pero como ela non sabia que facer a Santa Compañía matouna e

foi para o inferno.

Leila Gómez
García

Volta do Couto

En tempos de guerra, as persoas que, por algún motivo, crían que eran "malas", mandábanas fusilar. Só por pertencer a unha idea social que non lles conviña ó estado. Collían ás persoas mortas e tirábanas na Volta do Couto, en Tenorio, deixábanas alí para que, de noite, os familiares viñesen buscalos para poder enterralos.

NOME DE CUSPEDRIÑOS

Sofía Rodríguez
Ricoy

Cuspedriños

Era un neno que se chamaba Pedro que estaba xantando sardiñas co seu pai .Pedro atragantou con unha espiña dunha sardiña, o pai preocupado intentoulle axudar golpeando nas costas mentres dicía :
Cuspe Pedriño, cuspe!
E así quedou o nome de Cuspedriños.

`DESDE O COTO DE CASTRODIZ Ó OUTEIRO MEIXÓN TENGO LAS LLAVES DE MI CORAZÓN´

Iria García Porto

Tresaldeas, Cerdeo

No outeiro Meixón había unha pedra moi grande con forma de ovo, estaba na cima dun outeiro, pero sostíñase só no centro. Alí aparecía e desaparecía unha galiña con poliños pequenos. A xente do pobo, intrigada doulle a volta a pedra para ver se aparecía a galiña ou un tesouro, pero alí non había nin tesouro nin galiña.

Lorenzo Javier
Meijón Pazos

Almofrei

Na parroquia de Almofrei, no concello de Cotobade, os mais vellos da zona, dicían que o nome do pobo estaba enlazado aos freis e aos curas pois, por aquela época, o frei do pobo chamábase Almo e, a xente cando o vían pasar pola congrosta berraban: Aí vai Almo o frei. Cando Almo marchou, a xente botábao de menos; como naquela época, os pobos inda non tiñan nome, decidiron chamarlle ó pobo Almofrei na honra de Almo, o frei.

COMO SE INVENTOU A MÚSICA

Alejandro Gil

San Xurxo de Sacos

Un día un pai e un fillo chamado Pachin foron de viaxe nun tren. O tren ía moi rápido e eles tiñan medo de que se estrelara e morreran. O fillo todo preocupado díxolle:
Parapapapa este contestoulle:
Parapachin e como lles gustou o ton co o que o dixeron repetírono todo xunto e saíronlle un to así:
_Pararápapa pararápachin.

Alejandro Gil

San Xurxo de

COMO SE INVENTOU A MÚSICA

	Sacos	<p>Un día un pai e un fillo chamado Pachin foron de viaxe nun tren.O tren ía moi rápido e eles tiñan medo de que se estrelara e morreran.O fillo todo preocupado díxolle: _Pararapapa_este contestoulle: _Parapachin_e como lles gustou o ton co o que o dixeron repetirono todo xunto e saironlle un to así: _Pararápapa pararápachin.</p>
Nuria Sebastian Garcia	Xeve, Frieiro, Pontevedra	<p>Onde vas Virxe do Carmen ,cos teus santos? vou salvar a os mariñeiros que se están afogados.</p> <p>O ALICORNO</p>
Hadrián Peleteiro Rey	Tenorio (Cotobade)	<p>Cando tiñas un comechón nunha parte do teu corpo, se vías que non pasaba coas solucións que che daba o médico algunhas persoas acudían a unha señora que cun corno de vaca (alicorno) frotaba no comechón e despois metíao nun cunco de auga (algúns din que era auga bendita) se a auga empezaba a gargarexar o que tiñas era pezoña pero se a auga non gargarexaba non se sabía o que era e tiñas que buscar outra solución</p>
Esteban Villanueva Fernández.	Tenorio (covas).	<p>Unha vez cando os nenos non querían durmir os pais lles dicía que viña o home do saco pero era mentira. Sempre saía de noite el era alto, forte, fusco, esfarrapado e levaba un saco ó lombo disposto a meter nel os nenos e obrigáboas a facer maldades. Se non lle facía caso ao home os mataba.</p>
David Fontenla Graña	Viascón	<p>Un día un home foi ao monte a recoller leña para a cociña,entón ala foi.Ao chegar ao monte comezou a talar as mellores árbores que encontrou e que puido talar,cando encheu o carro,foi para a casa para encher o bandullo,cando tiña máis que cheo o bandullo,colleu o tractor amarelo e a súa motoserra e alá foi outra vez ao monte.Cando chegou comezou a talar mais árbores, pero de súpeto cando estaba cortando o último tronco,mirou un túnel que parecía antigo, foi mirar, e entón mirou unha vía dun tren,e dixo: -Isto é unha vía escondida. Entón dixo: -Esta aldea non ten nome,entón podémoslle chamar Viascón. Entón o nome que dixo este home chamado Marulo,o alcalde dixo: -Grazas a este home , a esta aldea ímoslle chamar Viascón. Por iso agora hai unha aldea en Cotobade que se chama Viascón.</p>
Uxía Pérez Cortizo	tenorio	<p>Era unha nena q soia ir a noite polo bosque,un día escoitou un ruído e acercouse pouco a pouco ata onde viña o ruído,ao chegar o lugar mirou q había un grupo de demos e bruxas,a rapaza mirou o reloxo e eran as 12 da noite.moi asustada volveu para a súa e foi para a cama.O día seguinte volve ao bosque para ver si estaban os demos e as bruxas, e como estaban decidiu chamar a un amigo e</p>

		o amigo foi onda xunto dela. Como os rapaces facían tanto ruído o falar, as bruxas e os demos déronse de conta de q os estaban a espiar e os demos e as bruxas botáronlle unha maldición e dende aquela non se sabe nada mai dos rapaces.
Leticia Gesteira Del Castillo	Cotobade	un corvo negro petaba todos os días na venta, e cando alguén viña escapaba. Pero despois viña outra vez contan as lendas q cando ven un corvo negro a petar a venta ou persígete e porque halgen vai morrer
Fabio Lebosó Francisco	a praza do pobo	Existe unha fonte en Aguasantas, da que hai un mosteiro ao lado, da que se di que ten poderes curativos, pois hai unha lenda ao respecto: Unha vella, que era cega, ía polo pobo camiñando, ela deuse conta de que tiña a cara moi sucia e empezou preguntar polo pobo se alguén sabía dalgunha fonte que houbera, pero ninguén sabía de ningunha, foi ao pobo do lado e, resulta, que había un mosteiro que tiña unha fonte ao lado, ela, xa cansa de tanto buscar, foi lavarse a cara e cando parou... recuperou a visión! A vella quedou moi contenta e puido facer unha normal como a de case todas as persoas.
		FIN
Lis Vallori Cerqueira	Valongo	Nunha aldea chamada Valongo un home con catro fillas e una muller enferma,o home non podía pagar as medicinas da súa muller, un día cando estaba collendo o trigo apareceu un alicornio e curou a súa muller e o home estivo eternamente agradecido.
Leila Gómez García	Parroquia de Tenorio	Unha noite de tronos e raios, unha muller veu dende a súa casa, aos motos saír das tumbas e entrando na Igrexa. Ao saír, estaban cargados de candeas, cruces e auga bendita. A pobre muller veunos ir cara a súa casa formando dúas ringleiras, indo descalzos con mantos brancos e cun mortal cargando cunha cruz. A muller fixo todos os remedios para que non lle atrapasen pero non foi capaz de salvarse. A muller morreu.
Luis López Martínez	Tenorio	Nun pobo a xente pola noite escoitaba ruídos moi estraños,e miraban a sombra dunha cousa voando.Ao día seguinte a xente dicía que era o paxaro da morte , pola noite axente quedaba de garda e un día o viron e o seguiron ata o seu niño e conseguiron atrapalo.
Alejandro Martínez Magariños	Santa María de Sacos	Éranse unha vez tres amigos un andaluz un asturiano e un galego puxéronse a pensar cal tería a flor máis fermosa. O andaluz dixo: -Na miña terra a flor máis bonita e a amapola contestoulle o andaluz. Contestoulle o asturiano: pois rompocha cando xa a rompeu o asturiano dixo: Na miña terra a flor mais bonita e a camelia . Contestoulle o andaluz: pois rompocha cando xa a rompeu o galego dixo: Nesto chegou o turno da galego e dixo: pois a miña flor favorita e o toxo

quen se atreve a rómpocha agora quen se atreve a romperma

Fai moitos anos , cando a xente iba a moer o gran a os muíños de auga aconteceu esta lenda :

Estaban dúas mulleres no muíño moendo o millo, era unha noite de inverno na que había unha gran tormenta con tronos e relampados.

Desúpeto escoitaron un ruído fora as mulleres quedaron caladas e dixeron

-Que é iso?

-Abro a porta ?

Nuria González San Jorge de
Ferreiro Sacos

Cando abriron toparon un chibo pequeno todo mollado ,como lles deu tanta pena deixaron entrar e puxérono de lado do lume que elas habían encenderan , tamén lle deron un bolo de pan . O cabo dun tempo , cando o chibo xa estaba seco e farto empezou a brincar por todos os lados e dicía así:

-Ujurujú !!!As mulleres do muíño déronme un bolo e quentáronme o cú!

E as mulleres todas asustadas empezaron a facer a sinal da cruz e dixeron :

_Si eres o demo vai paro o inferno!

E de supeto sentiron un gran estrondo que chocaban e o chibo desapareceu

A LENDA DA MOURA ENCANTADA

Conta a lenda que na noite de San Xoán aparecía, cruzando o monte de Coto Cerquido, unha trabe, nela paseaba unha moura moi fermosa. Cada noite de San Xoán o mozo acercábase a onde a moza estaba e esta transformábase en serpe, pois o seu pai feitizouna para que os dous mozos namorados non puideran casar. Pero non todo estaba perdido, a serpe tiña unha rosa na boca e o mozo, se quería transformala en moza e sacarlle o seu feitizo, tiña que atreverse a sacarlle a rosa da boca á serpe. E así pasaron anos sen que o mozo se atrevera a acercarse, pois se a serpe o mordía podía morrer; mais, unha noite, o mozo armouse de valor, achegouse e sacoulle a rosa da boca á serpe, así a moza saíu do seu encantamento e os dous mozos namorados por fin puideron casar.



Informante: Maruxa Touriño

A cobra do rio Barbeira

Aquí en Cotobade , no lugar de Borela había un rapaz que todos os días ía ao monte do Seixo cogando. Un serán viu que por baixo dunha pedra saíu unha cobra, mais tanto lle gustou que lle deu anacos de pan . Fixéronse amigos e tódolos días xantaban o panciño xuntos, e o rapaz xogaba coa cobra e acariñaba nela. O mozo foi facer de “ventre” e cando voltou o primeiro que fixo foi correr ao monte para atopar á súa cobriña; chegou alá, asubiou como acostumaba e saíu a cobra, mais tan longa, e grosa, que o mozo colleu medo. A cobra non recoñeceu ao rapaz, agarrouno e matouno. Pero cando xa o matara recoñeceu e púxose moi triste ,botouse ao río Barbeira e morreu afogada.

Martina(Cotobade)

Lenda de Mourente (Antía, 1º B)

___Unha vez un mouro que vivía moi preto da fonte de Corvos onde as mulleres ían lavar a roupa e falar das cousas da aldea, achegouse para latricar con elas.

-Moito falades -dixo.

Elas ollaron e non viron a ninguén.

-Non ouvistes unha voz -dixo unha.

-Ouvimos -dixeron as outras-. Quen será?

-Son eu. Estades cegas?

-Nós non te vemos. Quen es ti?

-Un mouro.

-Pero non te coñecemos. Desde onde nos falas, acaso es tan feo que non te queres deixar ver?

-dixeron.

-Estou aquí no camiño, a carón da fonte, asomádevos -dixo o mouro.

E asomáronse.

-O demo me leve que es ben pequenote -dixo unha.

-Eu serei pequeno de corpo, pero ollade o que teño aquí.

Súpeto o mouro baixou os pantalóns e deixounas asombradas. As mulleres botaron a correr tras del tirándolle pedras e paus, pero como era pequenote escondeuse entre as herbas e deitouse nelas, aos poucos asomaba por riba das herbas un pau que semellaba coa cáscara mondada.

-A próxima vez heille pór unha bandeira na punta a ver se lles gusta máis -dixo.

E así foi que o mouro seguiu indo á fonte e sempre o escorrentaban. Unha vez pillárono e case o capan, doutra metérono na auga e case o afogan.

Eu pregunteille a unha muller se sabían como se chamaba o mouro e díxome que se chamaba Curro, pois cando o escorrentaban saía dicindo: xa curro, xa curro, pero él talvez quería dicir: xa corro, xa corro.

Texto contado por: Vicente Piñeiro González

Lugar da lenda: Fonte de Corvos.

O seixo do Ponte da Múa

Nun monte chamado Ponte da Múa, Borela, hai dúas croas, ao parecer, na boqueira do recinto había un gran seixo que fixo de piar entre as augas do río, e que foi levado por unha raíña moura, en castigo por querer fuxir coas dúas doncelas de A Xesteira.

Enma 1º B

O túnel do dragón

En Tenorio dise que hai unha cova ou túnel natural que se utilizaba para que o dragón ou serpe estivera todo o ano hai escondido e que pudeira escapar cando quixera. Despois da morte do dragón este túnel non volveu a utilizarse ata que en España chegara a guerra civil. O comezo deste túnel situase na igrexa e percorre todo Tenorio. O final deste túnel esta no que agora é un pozo das Cachadiñas.

LENDA DO FOXO DO LOBO

A miña tía avoa contoume unha lenda que fala de que no monte do Seixo en Cotobade había moitos lobos. A xente da aldea estaba farta de que os lobos comeran o seu gando .

Decidiron facer un foxo no medio do monte. Nese foso metían un pouco de carne e os lobos caían e morrían.

Pero unha vez un lobo caeu pero non morreu, iso fora tan impresionante ,que ninguén o cria. Foi o único lobo que sobreviviu a esta trampa . Desde aquela o lobo foi aliado da xente da aldea e mantiña a outros lobos afastados desta aldea.

INFORMANTE: M^a Celia García Díaz

Con 87 anos de idade

Alba Parada Baltasar 3ºA Nº 20

O CASTELO DO MOURO

Fai moito tempo, na parroquia de Tenorio existía un antigo castelo. Este castelo tiña uns tuneles subterráneos por debaixo das casa que levaban ao monte. A miña avoa contoume, que ella e os seus compañeiros un día decidiran meterse pola entrada duns deses tunels. Estaban un pouco asustados, xa que os rumores deses lugares non eran moi agradables. Pero aínda así decidiron adentrarse nese burato. Dun momento para outro, un compañeiro da miña avoa encontrou no chan dentro do burato case enterrado unha moeda antiga e este decidira metela no seu pantalón. Despois de estar un bo rato vagando por eses oscuros laberintos decidiron saír para fora. Cando saíron o compañeiro da miña avoa se dispoñía a coller a moeda que antes había collido, cando a intentou sacar do pantalón deuse conta que o que tiña no bolsillo era un sapo. Todos quedaron abraiados e decidiron non volver entrar.

Ángela

A loba branca

Preto dunha aldeña de Cotobade, na provincia de Pontevedra vivía unha manda de lobos dirixida por unha xefa que era unha loba branca. Un día os lobos cazaron os becerros dunha corte e os veciños, xa fartos, decidiron facer unha batida contra os lobos. Cando os cans deron coa manda, a loba branca atacounos e os demais lobos fuxiron. Aínda que a loba conseguiu matar algúns cans e desfacerse do resto, non puido librarse das escopetas. Entón os cazadores quitáronlle a pel a loba branca, porque pensaron que ao vendela gañarían cartos pola súa rara pel. Aquela noite a xente despertou asustada porque escoitaron ouveos dos lobos. Cada vez oíanse máis preto, ata que os ouveos se escoitaron diante das portas das casas. Os homes saíron polas ventás das casas coas escopetas, pero o único que miraron foron sombras desaparecendo na escuridade. Aínda que non os miraban, disparaban ás sombras pero non conseguiron parar os ouveos. Ao saír o sol, os ouveos

pararon, pero non encontraron ningún corpo de ningún lobo. Deron outra abatida pero non deron atopado ós lobos. A noite, os lobos volveron a ouvear pero esta vez enriba dos tellados das casas, nas chimineas. Os ouveos dos lobos se escoitaban como se estivesen dentro das casa, e algúns veciños saíron polo medo da casa e non se volveu a saber del. Ao amencer cesaron os ouveos e os veciños se reuniron na praza para decidir que facer. Non podían facer outra abatida, pois en vez de lobos parecían demos. Unha muller que parecía unha meiga, dixo que os lobos querían de volta a loba branca e que debían devolver o corpo da loba, e así fixéron. Esa noite, os lobos ouveaban, pero no claro onde deixaran o corpo da loba branca en homenaxe a súa raiña. Ao amencer cesaron os ouveos e só se escoitaban nas noites de lúa chea, e algúns aseguran que na lúa chea se pode ver a loba branca dirixindo a súa manda.

Sara 1º B

Cotobade

«Un **animal extraño e monstruoso**, con corpo de dragón terminado nunha enorme cola como de gran serpiente, con enormes alas semellantes as dun morcego colosal, fortes garras no seu cuatro fornidas patas e unha cabeza na cal relucían como ascuas uns ollos terribles, abrendose na parte inferior unha boca de mandíbulas enormes armadas de fortes e aguzados dentes, surxeu das embravecidas olas do mar» e avanzou por terra firme ata **Cotobade**, donde «devorou a dous muchachas sen que nadie puidera impedilo» antes de volver a zambullirse e desaparecer.

A **Coca** irrumpiu en esta vila situada na ría de Pontevedra alá polo século XIV, según narró **Leandro Carré Alvarellos** en «As lendas tradicionais galegas» e «repitiu a súa incursión una e outra vez, levándose sempre, como si previamente as elixira, ás **chicas máis fermosas** da vila».

Contan que **Xan Carallás** navegaba pola ensinada cando escoitou os queixidos das muchachas, cautivas na illa de San Simón e correu ata Cotobade para formar un exército cos homes máis valerosos, que armado cunhas espadas dio morte á bestia e liberou ás xóvenes, levandoas de volta ao pobo xunto ós restos do monstruo marino.

Eran as **festas do Corpus Christi** e dende enton din que tanto a Coca como as chicas e os seus salvadores se integraron na procesión, co baile de «las penlas» (unhas nenas vestidas de branco e con alas que bailan sobre los ombreiros dunhas mulleres chamadas "burras") e «a Danza das Espadas» dos victoriosos mariñeiros.

MARTA SOBRAL FRAGA

O CASTRO DA GRAÑA

Unha nena atopouse cunha señora que quería un pan sen sal a cambio de ouro, a nena foillo pedir a nai pero non llo fixo ata a noite, como era tarde a señora non o quixo e desapareceu diante súa.

NORBERTO

O dragón de Cerdedo

No monte do Seixo, nunha cova vivía un dragón que case nunca saía do seu escondite.

Cando saía, estiraba as súas ás morcegueiras e baixaba a Cerdedo , pedindo co seu chíó, unha moza casadeira, unha rubia galega e leite. Se non lle daban o pedido, botaban unha labarada que queimaba árbores, colleitas e casas.

Contan que o cabaleiro Xoán Bautista ofreceuse para enfrontarse ao dragón.

Esperouno atraendoo cun aña recién nacido. O cabaleiro enfrontouse á bestia valéndose dun fachón mentres tiña ao aña no colo. Pouco a pouco fixo recuar ao dragón e meteuno nun burato tapado con pedras.

Agora, ano tras ano, os aldeáns prenden fogueiras polo San Xoán naquel lugar para conmemorar a fazaña do cabaleiro e para recordarle ao dragón que mentres estea alí non perde nada.

PORTALÉN DO SEIXO

No monte do Seixo hai unas pedras colocadas con forma de porta e dise que é a porta por onde se fala co máis alá.

Para poder falar, hai que ir no mes de Santos e levar algún presente para comer (viño, pan...) e unha candeia.

Entón, as respostas ao que preguntes virán co vento, pero se pode contas a resposta quedarase coa túa voz e falarás rouco para sempre.

"Aquí era un zarzal, no que había unha serpe que quixo atacar a unha moza. San Xurxo era un militar; era de por aquí. Entonces, cando soupo que esa serpe atacara a esa moza, pois veuse a Tenorio armado ao lugar e persiguiuno. Buscou pola Rocha e por Covas que eran dúas parroquias ata que se encontrou coa serpe e por iso está retratado tradicional do Santo. O curioso é que este home elemento mitolóxico moi alleo ó universo simbólico dos galegos; sen embargo, a serpe algo procedente doutras latitudes. atopámo-la como obxecto de culto ou simbolismo xa desde as insculturas castrexas, e quizais antes, como un símbolo aí enriba do cabalo e debaixo a serpente".

Rubén, 1º B

